

A SEMANA DAS MATEMÁTICAS NO IES DE MELIDE

A semana do 26 de febreiro ao 2 de marzo deste ano levouse a cabo no instituto unha experiencia que non imos esquecer. A principios de curso, uns cantos membros do Departamento de Matemáticas tivemos a idea de adicar unha semana enteira durante o curso a ensinar o lado lúdico e divertido das Matemáticas. Así pois, de contado nos puxemos a traballar: Xavier Garabal, que non parou de darlle voltas á cabeza para idear actividades e preparar a tremenda presentación de ilusións ópticas que nos recibiu na entrada do instituto durante eses días; Xosé Díaz, que foi un dos principias pioneiros da idea e a que escribe, que tamén intentou poñer todo da súa parte. Por suposto, contamos coa colaboración do resto do Departamento e tamén coa que nos prestaron os demais departamentos, en especial os de Música e Madeira, sempre dispostos a axudar.

A semana foi moi intensa en canto ás actividades, que logo describiremos unha por unha, e tamén moi positiva en canto á participación do alumnado. De feito, esperamos que sente precedente e que nos vindeiros cursos, poidamos disfrutar de novo desta festa das Matemáticas.

SUSANA RIAL SANTOS



XEOMETRÍA 3D E EXPLORANDO COA LUZ

Á volta do Entroido celebrouse no Instituto a "Semana das Matemáticas".

O departamento de matemáticas organizou diferentes actividades animándonos a participar a todos aqueles que se querían adentrar un pouco máis nesta complexa materia, e pretendendo demostrar que non é tan aburrida como todos din.

Unha das actividades con máis éxito foi a das exposicións interactivas na biblioteca (Xeometría 3D, Explorando coa luz, etc). A estas asistiron os diferentes cursos cos profesores de matemáticas ou de física. Houbo algúns que causaron máis sensación, entre eles o xeomac, torres de Hanoi ou os cubos diabólicos. Tamén algunhas experiencias coa luz tiveron gran expectación, de seguro que vos acordades daquel bichiño que parecía que se podía tocar...

Esperamos que para o ano volva haber outra, e poder adentrarnos un pouco máis neste interesante mundo. Vémonos para o ano!!

ANA SÁNCHEZ PÉREZ E ESMERALDA SEIJAS GARCÍA 4ºA



A SEMANA DAS MATEMÁTICAS NO IES DE MELIDE

EXPERIENCIA NO MATECROSS

Todo comezou cando o noso profesor de matemáticas nos anunciou o concurso do Matecross co gallo da Semana das Matemáticas. Nós, ilusionadas, quixemos participar e deseguida formamos o grupo. Preparámonos traendo todo o que nos podería servir que, por certo, a maioría das cousas non as tocamos.

Cando chegou o día non podiamos cos nervios e nada máis ver a primeira proba pensamos que iso era imposible. A pesar diso intentámolo facer o mellor posible.

Logo, ao ver que só faltaba o noso papel por entregar, escollemos a resposta máis lóxica e o máis rápido posible levamos o papel ao lugar de entrega.

Na segunda proba había dous problemas. Non paramos un minuto xa que tivemos que ir buscar un balón para contarlle os hexágonos e os pentágonos, xa que niso consistía o primeira problema.

En canto ao segundo, fixémonos un lío, pero cando o razoamos entre todas atopamos a resposta.

A pesar de entregalo no último momento, logramos a vitoria e cando vimos a lista das clasificacións non o podiamos crer.

Era increíble que gañásemos o primeiro posto!



PATRICIA VÁZQUEZ, EVA M^a VÁZQUEZ
CRISTINA CONDE, ESTEFANÍA GARCÍA
YASMINA EL GTAIBI, S2B

MATECROSS

Cando o profesor nos dixo que só por participar nos ía subir medio punto na avaliación e que subiría aínda máis aos que gañaran, non puidemos resistirnos a apuntarnos, así que eliximos o nome de "Os Irmandiños".

Para poder resolver as probas era necesaria unha corda, un metro, unha regra e materiais para escritura.

O día do concurso, no recreo collemos a folla dos problemas e comezamos a solucionarlos. Moito nos estrañara ver aquel exercicio do perímetro da columna posto que nos dixeran que non ían ser necesarias fórmulas, pero ao final puidemos facelo a medias. Despois, para medir a altura do pavillón, que aparecera a foto no papel era unha gran pista. Foi sinxelo darse conta de que medindo a altura da porta na realidade e logo na foto podía facer unha regra de tres simple e achar a altura do pavillón en menos de cinco minutos. Por outra parte, o problema de investigación era xa moi complicado. Por moito que buscamos nas enciclopedias que había no corredor, non atopamos nada acerca da cuestión. O único que aparecía acerca desa localización era que era unha aldea de Lalín. Ao final, resultounos estraño gañar a competición posto que non fixeramos o problema de investigación, pero ninguén o dera solucionado.

A entrega de premios realizouse despois do teatro e foi un crebacabezas de pezas metálicas.

DIEGO GAREA, DAVID MÉNDEZ,
ALBERTO SEGADE MATO

A SEMANA DAS MATEMÁTICAS NO IES DE MELIDE

CONFERENCIA ENRIQUE MACÍAS VIRGÓS

Na semana das matemáticas do IES de Melide, o pasado 28 de febreiro, o profesor da USC Enrique Macías entretívounos cunha conferencia moi amena sobre as matemáticas relacionándolas coa vida diaria.

O profesor demostrounos que a nosa pequena aprendizaxe da táboa de multiplicar á fin e ó cabo non é tan práctica como todos pensabamos pois el mesmo nuns poucos minutos explicounos como facelo coas mans dun xeito moi sinxelo.

No día a día utilizamos os GPS para facer os nosos traxectos sen perdernos, pero aínda así estes teñen unha marxe de erro duns 100 m aproximadamente, sen embargo a través dos satélites civís pódese comprobar claramente a posición dos coches e demais cousas, estes teñen maior precisión. Outros satélites utilizados son os militares, ós cales non temos acceso, con moita máis precisión e alcance, chégase a concretar ata a matrícula dun coche.

Outro tema tratado na conferencia foi o do código de barras, sobre este explicounos o método a seguir para a súa codificación, xa que nunha serie de números se poden agrupar millóns de datos. Hoxe en día con isto podemos tratar calquera cousa, pois así chegamos a gardar toda a información precisa para as nosas funcións administrativas, nestas non tanto, pero nas




que si estamos afeitos a ver estes códigos de barras é nos produtos dos supermercados e demais pois nestes casos almacenan os datos do produto así como o prezo o cal normalmente é o que máis nos interesa.

Ata chegamos a coñecer algo máis sobre o DNI. O contido da súa letra non está aí por simple capricho senón que nos serve para coñecer máis sobre a identidade do propietario deste. Así con todos os datos que esta letra contén saberemos se nos están timando con respecto ós números ou non; isto sabemólo ó facer unhas pequenas contas cos propios números deste.

Desta maneira, Enrique Macías demostrounos que as matemáticas non son soamente unha materia senón que nos son moi útiles para desenvolver a nosa vida

dun xeito máis cómodo e sinxelo.

VICTORIA BARRIO E TANIA PARDO B1B



A SEMANA DAS MATEMÁTICAS NO IES DE MELIDE

O INDOMABLE WILL HUNTING

Na Semana das Mates fixemos varias actividades, entre elas vimos a "pelí" "O indomable Will Hunting", que trata dun rapaz moi rebelde cunha capacidade fóra do normal, conseguida en parte por ler moitos libros cando estivo no cárcere.

Will traballa como limpador nunha universidade; un día que estaba varrendo ponse a resolver un problema de mates que estaba plantexado nun encerado do corredor. Para sorpresa do profesor o problema estaba resolto, polo que intenta descubrir quen é o rapaz, xa que o problema non era doado de facer. Despois de descubrir quen é, decátase de que ten unha morea de problemas, de que non é fácil falar con el e que necesitaría un psicólogo que lle axude a solucionarlos.

Aquí é onde empeza o máis interesante da "pelí" que non vos vou seguir contando porque paga a pena que a vexades todos...

Esta "pelí" ensinoume que non é necesario ter unha carreira para ser unha persoa intelixente. Que a falta de confianza nun mesmo non nos deixa saír adiante na vida.

Hai unha frase no diálogo entre Will e o psicólogo na que este dille:

- Poderás saber moito de Miguel Anxo, pero nunca saberás como ole a Capela Sixtina.

Isto custoume entendelo, pero decateime que o máis importante son as experiencias que vivimos nós mesmos, e non as que outros nos poidan contar.

Seguramente cando a vexades descubriredes cousas interesantes que eu non souben apreciar.



XÁCOME LAYA, 1º ESO B

JULIO TABOADA. CONTOS XEOMÉTRICOS

O outro día fomos ver unha presentación en Power Point organizada polo departamento de matemáticas, que estaba feita por Julio Taboada. Este profesor de matemáticas quería facela divertida, para que a visen moitos rapaces e rapazas, e educativa, para que os rapaces vendo a presentación aprendesen e se divirtisen a un tempo.

A presentación trataba dun conto sobre uns polígonos regulares, é dicir, que tiñan todos os lados iguais, e outros polígonos irregulares, é dicir, que non tiñan todos os lados iguais. Tamén explicaba como se podían formar polígonos novos usando só dous ou máis polígonos.

Julio Taboada non fixo só a presentación, senón que foi axudado, aínda que só viñera el ao IES de Melide a amosárnola. Pero para non levar el todo o mérito, antes de que puxera a película xa nos falou de como a fixera e con quen.

A min gustoume porque era entretida e divertida, pero tamén porque aprendín algo interesante.



IGNACIO PARRADO RODRÍGUEZ, S1B

A SEMANA DAS MATEMÁTICAS NO IES DE MELIDE

MATEMÁTICAS NO TEATRO!!

Na Semana das Matemáticas houbo unha morea de actividades das que os alumnos do centro puidemos gozar. Unha delas foi o teatro no que participamos unhas 12 persoas. Pasámolo moi ben, e sobre todo rimos moito. Cando nos repartiron os papeis puxémonos a lelos e gustáronnos moito. Un día máis tarde ou así comezaron os ensaios. Ensaíabamos algúns os mércores, e outros os xoves no recreo. Susana e Xosé foron os encargados de estar connosco nos ensaios para ensinarnos como debiamos facer e corrixirnos nos erros que tiveramos. As obras eran variadas e nalgunhas tiveron que participar persoas repetidas por falta de colaboradores. As obras foron:

- *Xunta de quebrados*: os papeis eran interpretados por Patricia, Laura, Alba, Beatriz, Iolanda, María, Elena, Andrea e Xisela.
- *Matemáticas por un tubo*: interpretada por Judith e David.
- *Ángulos bastante agudos*: con Beatriz e Pablo.
- *Noticiero teatromático*: desta volta interpretado por Iolanda e Andrea.

Ben. Queremos agradecer a todas as persoas que fixeron posible a nosa participación. Aos profesores de matemáticas queremos dar as grazas xa que tiveron moita paciencia con nós cando non nos saía ben. Moitas grazas!. NÓS ESPERAMOS QUE VOS GUSTARA.

PATRICIA VÁZQUEZ
LAURA RÍO, XISELA FUCIÑOS
JUDITH RAMOS, ALBA RÚA, S3ºD

